



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Director Xeral de Conservación
da Natureza*

Xosé Benito Reza Rodríguez

D. José Gómez Cortón
Sr. Presidente da Federación Galega de Caza
Estadio Multiusos de San Lázara, Pta 12
Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2008

Estimado Presidente:

Con relación á recente aprobación polo goberno de España da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e Biodiversidade e as súas implicacións respecto da práctica do deporte da caza teño a ben, unha vez escoitada a esa Federación Galega de Caza, informarlle o seguinte:

É intención desta Dirección Xeral, tal e como así foi expresado polo Sr Conselleiro de Medio Ambiente na reunión mantida con vostedes o pasado día 29 de xaneiro, que é a nosa intención clarificar os aspectos máis dubidosos da dita lei e que poidan dar lugar a erróneas interpretacións ou mesmo a crear situacións de inseguridade xurídica na práctica da caza en Galicia.

Por iso é o meu desexo indicarlle que esta Consellería e para maior claridade vai proceder a elaborar unha norma onde quede perfectamente claro para todos os cazadores galegos cales serán as zonas húmidas de aplicación da prohibición do uso de munición de chumbo en Galicia así como a qué tipo de munición será aplicable dita



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Director Xeral de Conservación
da Natureza*

Xosé Benito Reza Rodríguez

prohibición, entendendo que o que pretende a dita Lei do Estado é reducir a inxestión de perdigóns de chumbo polas aves acuáticas e evitar o seu envelenamento nas zonas asolagadas dos humidais.

A estes efectos sinalarlle que en Galicia dispomos dun extenso inventario de humidais e a súa repectiva cartografía, o que conxugado coa boa cartografía dixital tamén dispoñible sobre a Rede Natura 2000 e a que temos dos Tecores galegos tamén dixitalizada, facilitará a total identificación daqueles humidais onde debe surtir efecto a prohibición sinalada na Lei estatal 42/2007. Cartografía que por suposto quedará á total disposición dos cazadores galegos e en particular desa Federación Galega de Caza.

Sen máis e no ánimo de solucionar cantos problemas poidan deribarse da aplicación desta Lei en Galicia, quedo á súa enteira disposición.